



Aprende

Os nomes poden ter **xénero masculino** (*caldeiro, flotador*) ou **xénero feminino** (*camiseta, barca*).

Pero, ademais, hai nomes que son:

- **comúns en canto ao xénero**, que teñen a mesma forma para masculino e feminino e só se diferencian polo determinante: *o excursionista/ a excursionista*;

- **epicenos**, que se empregan tanto para masculino como para feminino sen que cambie o determinante. É o caso de moitos animais (*o esquío macho/ o esquío femia*), e tamén dalgúns nomes en plural que inclúen o masculino e o feminino: *os pais*.



Aprende

Formación do feminino

- 1.- Os substantivos que no masculino rematan en **-o** e en **-e** cambian esa vogal por **-a**: *nen-o-nena*, *infante-infanta*.
- 2.- A maior parte dos substantivos rematados en **consoante** engaden **-a**: *bailarín-bailarina*, *deus-deusa*, *rapaz-rapaza*.
- 3.- A maior parte dos substantivos rematados en **-án** fan o feminino en **-á**: *alemán-alemá*, *aldeán-aldeá*.
- 4.- Os rematados en **-ón** fan o feminino en **-oa**: *león-leoa*, agás nos aumentativos e formas pexorativas (*abusón-abusona*).
- 5.- Algúns substantivos teñen **forma distinta** para masculino e feminino: *boi-vaca*, *carneiro-ovella*.



Aprende

Formación do plural

- 1.- Os substantivos rematan en **vogal** ou en **-n** engaden **-s**: *mesa-mesas, café-cafés, can-cans*.
- 2.- Os que rematan en **-l** engaden **-es**: *sol-soles, túnel-túneles*; pero se son palabras **agudas** de máis dunha sílaba, perden o **-l** e engaden **-is**: *animal-animais*.
- 3.- Os que rematan en **consoante** distinta de **-n** ou **-l** engaden **-es**: *deus-deuses, dólar-dólares*.
- 4.- As palabras graves e esdrúxulas que rematan en **-s** ou **-x** son **invariables**: *o martes- os martes*.